

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA CONTRATOS BEATRIZ GALINDO CONVOCATORIA 2024

ASISTEN
Jerónimo Puertas Agudo – Vicerreitor de Investigación e Transferencia - Presidente
M ^a Amalia Jácome Pumar – Adxunta á vicerreitoría
Teresa López Fernández – Vicerreitora de Profesorado
Faustino Infante Roura – Director estratéxico da REDCIDI
Marcos Miguez González – Director Campus Industrial de Ferrol
José Antonio Mahía Saavedra – Director Oficina Captación de Persoal Investigación
Xabier Silva Simón – Técnico Oficina Captación de Persoal Investigación - Secretario

Ás 09:00 horas do día 24 de xaneiro de 2025, reúnense as persoas arriba citadas na sesión ordinaria da Comisión Beatriz Galindo para tratar a seguinte **orde do día**:

1.- Valoración das mostras de interese dos distintos Grupos e Centros de Investigación da UDC.

A Comisión decide establecer unas consideracións xerais previas á avaliación que se detallan a continuación:

- A. En caso de existir máis de 5 candidaturas, éstas avaliaranse e puntuaranse de acordo cos criterios establecidos.
- B. Poderase fixar una puntuación mínima para que una candidatura sexa seleccionada.
- C. Tendo en conta que hai dúas modalidades de solicitude (júnior e sénior), e que se seleccionan 60 prazas júnior e 40 sénior, procurarase cubrir as prazas nesa proporción (3 júnior e 2 sénior) se hai persoas candidatas viables.
- D. As persoas candidatas e dos departamentos promotores deberán comprometerse a presentar toda a documentación cuberta correctamente e cunha calidade contrastada nos prazos establecidos e recollidos no procedemento interno da UDC.
- E. As persoas candidatas deberán acreditar una vinculación contractual cun centro estranxeiro no momento da solicitude, cunha antigüidade mínima de dous anos no estranxeiro, de forma continua ou discontinua.

Código Seguro De Verificación	xpYTbUly3PFm+M5BBLi9Pg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	24/01/2025 14:34:11
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xpYTbUly3PFm+M5BBLi9Pg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Para o proceso de avaliación, establecéronse os seguintes criterios:

1. Necesidades docentes da área (entre 0 e 1 puntos)
2. Calidade da solicitude presentada (de 0 a 2 puntos)
3. CV das persoas candidatas asociadas a cada solicitude (de 0 a 1 punto). Valóranse aspectos como as aportacións científicas, a internacionalización e mobilidade e independencia investigadora
4. Interese estratéxico da candidatura para a UDC (de 0 a 1 punto). Valórase non repetir as áreas, e ponderaranse máis as áreas non cubertas con outras convocatorias

Tras o estudo e valoración das propostas presentadas a Comisión acorda preseleccionar as propostas que figuran na seguinte táboa, presentadas para formar parte da solicitude que presentará a UDC ao amparo da ORDE do 30 de decembro de 2024, da Secretaría General de Universidades, pola que se convocan as axudas Beatriz Galindo para a atracción de talento investigador que teña realizado parte da súa carreira profesional no estranxeiro

PROPOSTAS SELECCIONADAS PARA CONFORMAR A SOLICITUDE DA UDC

PRAZA	MODALIDADE	DEPARTAMENTO
BG24_UDC_1	Júnior	PSICOLOXÍA
BG24_UDC_2	Júnior	EXPRESIÓN GRÁFICA ARQUITECTÓNICA
BG24_UDC_3	Júnior	FÍSICA Y CIENCIAS DE LA TIERRA (GRUPO FITNAE)
BG24_UDC_4	Sénior	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS
BG24_UDC_5	Sénior	QUÍMICA

Non tendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión as 10:00 do día citado.

Vº e Prace
PRESIDENTE